

4. A comisión de participación reunirase unha vez ao trimestre ou ben por petición do presidente ou cando así o decidan a maioria dos seus membros».

O que se comunica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2005.

Carlos Monclús Diez de Ulzurrun
Secretario xeral da Consellería de Sanidade

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Decreto 120/2005, do 28 de abril, de creación do Consello Galego de Médicos e de aprobación dos seus estatutos.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, completando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fixose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumiuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local en virtude do Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro).

A creación e a aprobación dos estatutos dos consellos galegos de colexios profesionais con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia correspónelle ao Consello da Xunta de Galicia, a través de decreto, segundo dispón o artigo 23 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 5º do Decreto 161/1997, do 5 de xuño, polo que se regulan os consellos galegos de colexios profesionais e se crea o Rexistro de Colexios Profesionais e os seus consellos.

A creación do consello exixirá o acordo favorable da maioria dos colexios afectados e os seus estatutos deberán ser elaborados polos colexios profesionais que o vaian integrar e aprobados por acordo das xuntas de goberno, que deberá ser ratificado polas xuntas xerais de cada colexio. Será necesario o acordo favorable da maioria dos colexios afectados, sempre que estes representen a maioria dos colexiados da profesión en Galicia.

Os colexios oficiais de médicos das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, acordaron promover a constitución do Consello Galego de Médicos e así o solicitaron ante esta consellería achegando as certificacións correspondentes a cada colexio dos acordos de creación do devandito consello e da aprobación dos seus estatutos.

Tendo en conta o exposto, e en virtude do uso da competencia atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Aprobar a creación do Consello Galego de Médicos co ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

Aprobar, por seren adecuados á súa legalidade, os estatutos do devandito consello, que figuran como anexo a este decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO

Estatutos do Consello galego de Médicos

TÍTULO I **Disposiciones xerais**

Capítulo I **Da constitución, natureza xurídica, obxecto e finalidades**

Artigo 1º

De conformidade co que disponen a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, e a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, o Consello dos Colexios de Médicos de Galicia teñen por obxecto representar a profesión médica ante a Xunta de Galicia e os órganos periféricos da Administración xeral do Estado, con sede nesta comunidade autónoma, e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos na Comunidade Autónoma de Galicia, cumprindo coas finalidades e exercendo todas as funcións que lle asigne a lexislación vixente e estes estatutos.

Artigo 2º

O Consello de Colexios de Médicos, que ten como ámbito de actuación todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado por todos os colexios profesionais de médicos existentes en Galicia: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Artigo 3º

O Consello de Colexios de Médicos como corporación de dereito público representativa dos intereses profesionais, recoñecida e amparada pola Constitución, o Estatuto de Galicia e a lexislación en materia de colexios profesionais, goza de personalidade xurídica propia e capacidade plena de obrar para o cumprimento de todos os fins, funcións e actividades que ten asignadas.

Artigo 4º

Esta corporación de dereito público rexerase pola Lei de colexios profesionais 2/1974, do 13 de xaneiro, polo Decreto 161/1997, do 27 de decembro, pola Lei de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia 11/2001, por estes estatutos e, supletoriamente polos do Consello Xeral de Colexios Médicos, e demais normas administrativas que sexan de aplicación sempre que non contradigan estes estatutos.

Artigo 5º

1. O Consello de Colexios de Médicos deberá ter, en todo caso, o seu domicilio en calquera lugar de Galicia, inicialmente fixase na cidade de Santiago de Compostela, rúa San Pedro de Mezonzo, número 39-41.

2. Poderase modificar o domicilio por acordo do Pleno do Consello de Colexios, en sesión ordinaria cando se queira establecer dentro da mesma localidade, e en convocatoria extraordinaria e especialmente convocada para o efecto nos restantes casos. Este requisito é independente da posibilidade que ten esta corporación pública de celebrar reunións dos seus órganos de goberno noutros lugares de Galicia, sempre e cando se cumpra cos requisitos que se establecen nestes estatutos.

Artigo 6º

O Consello de Colexios de Médicos de Galicia que agrupa a todos os colexios profesionais de médicos desta comunidade autónoma, debe cumplir dentro do ámbito das súas competencias cos fins que especificamente reconoce a lexislación en materia de colexios profesionais, as que lle delegue ou atribúa a Administración da Xunta de Galicia ou os seus organismos públicos así como as funcións delegadas do Consello Xeral da OMC e concretamente:

a) Colaborar coa Administración pública na regulamentación das condicións xerais do exercicio da medicina e a permanencia dos seus valores sociais.

b) A ordenación do exercicio da profesión médica, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais dos médicos que realizan a súa actividade profesional en Galicia, todo iso, sen prexuízo da competencia dos sindicatos dentro do ámbito das súas funcións.

c) A salvagarda e observancia dos principios deontológicos e éticosociais da profesión médica e da súa dignidade e prestixio.

d) Velar porque a actividade profesional de todo o colectivo se aadecue aos intereses dos cidadáns e, polo tanto, contribuír á mellor resolución dos problemas que afecten a atención sanitaria en Galicia.

e) A promoción con todos os medios ao seu alcance, da constante mellora e desenvolvemento dos niveis científico, cultural, económico e social dos médicos que realizan a súa actividade profesional en Galicia; para este efecto poderá crear, organizar e manter toda clase de institucións culturais e sistemas de previsión e protección social.

Capítulo II

Das funcións do Consello de Colexios

Artigo 7º

Correspóndenlle ao Consello de Colexios de Médicos de Galicia, segundo a Lei de colexios profesionais e a normativa que a desenvolve, as seguintes funcións:

- a) A coordinación dos colexios provinciais que o integran.
- b) A representación da profesión dentro do seu ámbito territorial, sen prexuízo das competencias propias dos colexios provinciais que o integran.
- c) Recoller e elaborar as normas deontolóxicas comúns á profesión.
- d) Coñecer e resolver en primeira instancia todos os conflitos que se poidan suscitar entre os diferentes colexios profesionais que o integran, sen prexuízo das ulteriores instancias.
- e) Coñecer e resolver os recursos que interpoñan os colexiados contra os acordos dos seus colexios provinciais.
- f) Fixar a participación dos colexios provinciais no sostemento do Consello de Colexios.
- g) Determinar os requisitos que deben cumplir os colexiados para o exercicio da profesión noutro colexio de médicos de ámbito galego.
- h) Redactar, aprobar e modificar os seus propios estatutos e comunicar estes acordos á Administración da Xunta.
- i) Aprobar a memoria, balances e contas anuais, así como os orzamentos anuais de xestión e financiamento do Consello.
- j) Participar na composición dos tribunais que se constitúan para a adxudicación de prazas a licenciados en medicina.
- k) Adoptar as medidas precisas para que os seus colexios cumpran coas resolucións ditadas polo Consello de Colexios en materia da súa competencia.
- 1. Informar, con carácter preceptivo, sobre todas as normas que propóna o Goberno da Xunta de Galicia que afecten a profesión en todas as súas manifestacións, así como sobre todas aquellas que a Administración central do Estado lle queira someter.
- m) Participar na elaboración e execución de plans de estudio de posgraduados, especialistas e actualización de facultativos podendo tamén acreditar por si mesma ou en colaboración con sociedades científicas, universidades, ou a propia Administración as devanditas actividades.
- n) Fomentar, crear, organizar con carácter supletorio diferentes institucións, servizos e actividades que, sempre en relación coa súa profesión, teñan

por obxecto a promoción e difusión das ciencias médicas: a asistencia social e sanitaria, a cooperación e o mutualismo, o fomento do emprego e outras actuacións que considere convenientes. Para tal efecto poderá establecer os concertos ou acordos más axeitados neste sentido coa Administración pública e as institucións, organismos ou entidades que corresponda.

o) Todas as demás que lles sexan atribuídas pola lexislación vixente.

TÍTULO II

Da organización e composición dos seus órganos de goberno

Artigo 8º

O Consello de Colexios de Médicos de Galicia, como órgano superior de representación e coordinación deste colectivo profesional no seu ámbito territorial, está facultado para adoptar todos os acordos e ditar as normas que sexan pertinentes para asegurar o cumprimento de finalidades e funcións previstas nestes estatutos.

Artigo 9º

O Consello de Colexios de Galicia estará formado polos seguintes órganos de goberno:

a) A Asemblea Xeral.

b) A Comisión Permanente.

c) O Pleno do Consello.

Artigo 10º

1. Na Asemblea Xeral, como órgano soberano do Consello de Colexios, estarán representados todos os colextos por medio das súas xuntas directivas, e no exercicio do dereito de voto corresponderá a cada membro da asemblea un voto.

2. A Asemblea Xeral compõe de 60 membros, quince por cada colexio, designados polas xuntas directivas respectivas.

Artigo 11º

Os membros da Asemblea Xeral terán que ser membros das xuntas directivas dos colextos provincias que integran o Consello.

Artigo 12º

A Asemblea Xeral será o órgano de goberno facultado para a aprobación e modificación dos estatutos do Consello, o orzamento elaborado pola comisión permanente e coñecer a memoria de actividades do pleno e da comisión permanente.

Artigo 13º

A Comisión Permanente é o órgano colexiado de dirección e administración do Consello de Colexios e estará integrada polos seguintes membros:

a) Os catro presidentes dos colextos de médicos existentes en Galicia, un deles levará a presidencia do Consello de Colexios.

b) O secretario do Colexio que teña a presidencia.

Artigo 14º

1. A presidencia do Consello de Colexios Médicos de Galicia e de todos os órganos colexiados previstos no artigo 9º, será elixida por votación dos presidentes

dos colextos de médicos provinciais que o integran, no caso de non se acadar un acordo convocarase unha asemblea xeral para a súa elección.

2. A duración do mandato de presidente será de dous anos e procederáse á primeira elección por acordo da permanente.

3. O presidente asumirá a representación do Consello con facultades delegadas dos órganos de goberno para facer valer os acordos que en cada caso se tomen.

4. No caso de que se produza un cambio de presidente por renovación de cargo no seu colexio asumirá o seu posto o que o substitúa.

Artigo 15º

A secretaría do Consello de Colexios será asumida polo secretario da Xunta Directiva do colexio provincial que corresponde ao presidente, e durante o mesmo período de tempo que este. Do mesmo xeito aplicouse o mesmo criterio establecido para a situación prevista no último punto do artigo precedente.

Artigo 16º

O Consello de Colexios deberalle comunicar á Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia, ou a quien delegue, o nomeamento e os cambios que na composición dos seus órganos de goberno se produzan.

Artigo 17º

O pleno é o órgano de goberno encargado de analizar os problemas que afectan unha ou máis seccións colexiaias e aprobar as medidas de actuación ao respecto. Estará integrado polos seguintes membros:

* Os catro presidentes provinciais ou os seus substitutos regulamentarios.

* Os catro secretarios provinciais ou os seus substitutos regulamentarios.

* Sete vogais. Cada un deses vogais representará a cada unha das seccións ou grupos profesionais establecidas nos catro colextos provinciais, e terá a condición de vogal autonómico da correspondente sección. Estes vogais autonómicos serán elixidos entre e polos vogais dos catro colextos provinciais das respectivas seccións. A duración deses cargos será de dous anos, agás que, con anterioridade á fin do seu mandato, cesen no cargo electo de vogal provincial; neste caso, cesarán tamén, simultaneamente, como vogais autonómicos.

* O tesoureiro, que será o tesoureiro do colexio provincial que teña a presidencia.

TÍTULO III

Do funcionamento e réxime de sesións dos órganos de goberno

Artigo 18º

1. A Asemblea Xeral do Consello de Colexios reunirase en sesións ordinarias e extraordinarias.

2. As sesións ordinarias deberán celebrar obri-gatoriamente unha vez ao ano.

3. Estas sesións serán convocadas polo presidente e a orde do día da reunión fixarase de común acordo coa comisión permanente.

Artigo 19º

1. A Asemblea Xeral do Consello poderá celebrar sesións extraordinarias en calquera momento e deberáse convocar cando así o solicite, como mínimo, unha terceira parte dos membros que forman parte dela, por acordo da Comisión Permanente ou cando, con carácter de urxencia, o considere conveniente o seu presidente.

2. Cando a solicitude de convocatoria a realice unha terceira parte dos membros, estes deberán indicar forzosamente os motivos que a xustifican e os asuntos concretos que consideran que se deben incluír na orde do día da sesión extraordinaria.

3. En ningún caso se poderán tratar asuntos que non fosen expresa e claramente incluídos na convocatoria, agás que o acorden as tres cuartas partes dos membros da asemblea.

4. En todo caso, a convocatoria da Asemblea Xeral con carácter extraordinario, corresponderá ao presidente, que estará obrigado cando o solicite a Comisión Permanente ou unha terceira parte dos membros que forman a Asemblea Xeral. Cando con carácter de urxencia a convoque o presidente deberá notificarse cun mínimo de catro días á data sinalada para a súa celebración.

Aartigo 20º

1. Todas as sesións que celebre a Asemblea deberán ser convocadas previamente por escrito e dirixidas a todos os seus membros.

2. A convocatoria que envíe o secretario do Consello coa sinatura do presidente deberá incluir a orde do día da sesión e indicar claramente o día, a hora e o lugar en que se celebrará.

3. A convocatoria deberá enviar cunha antelación mínima de 15 días á súa celebración, agás a excepción exposta no artigo anterior, sendo o domicilio válido para estas notificacións en relación con cada membro, o do colexio provincial ao que pertence.

Artigo 21º

1. Para poder adoptar validamente acordos en primeira convocatoria, precisarase que estean presentes no momento da votación, como mínimo, a metade máis un dos seus membros.

2. No caso de que non se acade o quórum de convocatoria previsto no punto anterior, celebrarase unha segunda sesión media hora despois da primeira, sen que se precise especificalo nela, que será válida sexa cal fose o número de membros asistentes.

Artigo 22º

1. Todos os acordos referentes á orde do día deberán adoptarse por maioría de votos dos asistentes.

Artigo 23º

1. A Comisión Permanente, como órgano encargado en todo momento da administración do Consello de Colexios, deberá mandar executar os acordos da Asemblea Xeral e de velar polo bo funcionamento do Consello, reuníndose polo menos unha vez cada dous meses podendo, no caso de urxencia, acordar o que coide conveniente para o bo governo do colectivo profesional, coa obriga de render contas á Asem-

blea Xeral dos acordos tomados na primeira sesión que este celebre.

2. Tamén poderá celebrar sesións extraordinarias sempre que así o considere necesario o presidente do Consello ou o soliciten a maioría dos seus membros.

3. A convocatoria das sesións que se celebren cur sarase canto menos con corenta e oito horas de antelación, ben por carta, fax ou calquera outro medio que permita acreditar a súa recepción.

4. No caso de que algún dos membros da permanente non poida asistir á reunión por causa xustificada, poderá delegar a súa asistencia no vicepresidente primeiro do seu colexio provincial, e terá lle que comunicar ao secretario cun mínimo de 24 horas de antelación. Se a ausencia de que se trata é a do secretario, as súas funcións realizaráas o presidente do Consello ou persoa que o substitúa.

5. Para a validez dos acordos que adopte a Comisión Permanente precisarase o voto por maioría simple dos presidentes provinciais ou dos seus substitutos que asistan á reunión. No caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente.

6. A Comisión Permanente poderá convocar a calquera membro da Xunta Directiva dos colexios, ou experto nalgún tema concreto que precise a devan dita presencia.

Artigo 24º

1. O presidente do Consello de Colexios de Médicos de Galicia levará a súa representación e coordinará as tarefas dos diferentes órganos colexiados, presidirá todas as reunións que celebren, fixará a súa orde do día, ordenará o pagamento, asinará a documentación do Consello e autorizará co seu visto e prace as certificacións expedidas polo secretario e as actas do Plenario e da Comisión Permanente.

2. No caso de ausencia ou enfermidade será substituído en todas as súas funcións polo presidente que o precedese no cargo e así sucesivamente. Suponendo que ningún dos membros da permanente leva se con anterioridade a presidencia, a substitución correrá a cargo do membro da permanente de maior idade, con excepción do secretario.

Artigo 25º

1. O secretario, que terá carácter de fedatario, redactará as actas das correspondentes sesións que celebren os órganos colexiados de goberno e dirixirá baixo as directrices da presidencia, os traballos administrativos do Consello, levará a custodia de toda a documentación existente nel, deberá expedir as certificacións co visto e prace do presidente e redactar a memoria anual do Consello.

2. Levará tamén a dirección de tdos os servizos do Consello e das persoas que traballen nel.

3. Carece de dereito de voto nas reunións da Per manente e o Pleno.

Artigo 26º

1. O Pleno reunirase con carácter ordinario polo menos dúas veces ao ano e con carácter extraordinario cando o solicite polo menos un dos catro colexios.

2. A convocatoria das reunións farase da mesma forma prevista nos artigos anteriores e cunha antelación mínima de oito días.

3. Presidirá as reunións o presidente do Consello e levantará acta o seu secretario.

TÍTULO IV Dos órganos asesores

Artigo 27º

1. A Permanente poderá acordar o nomeamento de comisións asesoras ben para o estudo de temas concretos ou ben como órgano estable de asesoramento.

2. No caso de que a permanente decida o nomeamento dunha comisión asesora estable deberá ser ratificada a súa constitución na primeira reunión ordinaria da Asemblea Xeral, así como a aprobación do seu réxime interno.

TÍTULO V Do réxime económico

Artigo 28º

1. O Consello de Colexios de Médicos de Galicia terá plena capacidade xurídica no eido económico e patrimonial para o cumprimento dos seus fins, con independencia da autonomía na xestión e administración que lle corresponde aos seus respectivos colexios provinciais.

2. Os colexios provinciais de médicos existentes en Galicia deberán participar para sostener o Consello de Colexios na forma que estableza a Permanente, que será quen elabore o orzamento e o balance de resultados.

Artigo 29º

Ademais desta participación nos ingresos dos colexios profesionais de médicos, os recursos do Consello de Colexios poderán ser ordinarios e extraordinarios.

Serán recursos ordinarios:

a) Os dereitos pola expedición de todo tipo de documentos, emisión de ditames e todos os dereitos que se poidan deducir polos servizos prestados a requirimiento de terceiras persoas físicas ou xurídicas.

b) A percepción de calquera tipo de rendas, réditos de capital e beneficios que se perciban pola xestión e administración do seu patrimonio.

c) Os dereitos de intervención profesional.

d) Calquera outro que sexa legalmente posible, de característica semellante.

Serán recursos extraordinarios:

a) As doazóns, heranzas e legados que se poidan outorgar a prol del.

b) As subvencións de todo tipo que lle concede a Xunta de Galicia, a Administración do Estado ou calquera outra corporación ou institución.

c) As cantidades que por outros conceptos lle poidan corresponder.

Artigo 30º

1. O exercicio económico do Consello de Colexios de Médicos de Galicia coincidirá co ano natural e pecharase cando este remate. Correspondrá ao presidente presentar o proxecto de orzamento e o balance de resultados na sesión ordinaria anual da Asemblea Xeral para a súa aprobación.

O proxecto de orzamento incluirá as partidas, de ingresos e gastos correspondentes.

O balance de resultados do orzamento do exercicio anterior e o balance xeral incluirá resumo que conteña os resultados económicos do exercicio.

2. Todos os documentos previstos no punto anterior deberán ser remitidos aos membros da asemblea coa convocatoria para a reunión na que figure a súa aprobación na orde do día.

Artigo 31º

Supoñendo que o orzamento non fose aprobado pola Asemblea Xeral, considerárase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior ata que esta non se produza, coa única adición posible das partidas que obligatoriamente deban atenderse como consecuencia de cumprimento dunha disposición legal ditada en materia de persoal, ou por implicar cumprimento dun acordo adoptado con anterioridade polo propio Consello.

Artigo 32º

O Consello Galego de Colexios Médicos deberá ser auditado cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial dos seus órganos directivos.

TÍTULO VI Do réxime xurídico do Consello

Capítulo I Competencia

Artigo 33º

1. Corresponderá ao Consello de Colexios o exercicio das competencias que, conforme o ordenamento xurídico vixente en cada momento, correspondan aos consellos galegos de colexios profesionais, referidas á profesión médica e circunscritas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e especialmente, aquelas competencias específicas que lle permitan atender aos fins e funcións establecidas nos artigos 6º e 7º destes estatutos.

2. O Consello de Colexios de Médicos recoñece, de conformidade coa lei, a autonomía e as competencias de cada un dos colexios provinciais que o integran, dentro do seu respectivo ámbito territorial asumindo o Consello, de forma expresa, unha función coordinadora.

Artigo 34º

A competencia é irrenunciable e será exercida formalmente polos órganos do Consello que a teñan atribuída como propia, agás os casos de delegación, de substitución ou de revogación previstos legalmente.

Artigo 35º

1. Os acordos e actos do Consello de Colexios que afecten a súa regulación interna son públicos e darase a publicidade axeitada para que poidan ser recoñecidos convenientemente por todo o colectivo.

2. Os actos ou acordos do Consello que teñan efectos a terceiros ou aos colexiados de médicos serán válidos e producirán efectos desde a data en que sexan aprobados, agás que se dispoña deles outra cosa.

3. A súa eficacia quedará demorada cando así o exixa o contido do acto, ou quede supeditada á súa modificación ou publicación.

Capítulo II**Requisito e contido dos actos e acordos do Consello de Colexios****Artigo 36º**

Os actos que adopte o Consello de Colexios producirán o órgano competente a través do procedemento, se é o caso, establecido nestes estatutos.

Artigo 37º

1. Serán nulos de pleno dereito os actos adoptados polos órganos do Consello de Colexios nos cales se declare algún dos seguintes supostos:

a) Os ditados por órgano manifestamente incompetente.

b) Aqueles que teñan un contido de imposible cumprimento ou sexan constitutivos de delito.

c) Os adoptados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

2. Son anulables os actos e acordos adoptados que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluída a desviación de poder, ou carezan dos requisitos formais indispensables para conseguir o seu fin, ou produzan a indefensión dos interesados.

Capítulo III
Sistema de recursos**Artigo 38º**

1. Contra os actos suxeitos ao dereito administrativo emanados dos órganos de goberno dos colexiados provinciais, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Consello de Colexios de Médicos de Galicia.

2. Tamén se poderá interpoñer este tipo de recurso contra os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou o expediente administrativo que se tramite ou produzan indefensión.

3. Este recurso deberá ser formulado no prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Artigo 39º

Contra os acordos do Consello galego, agás os resolutorios de recurso de alzada, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Consello Xeral de Colexios Médicos.

Artigo 40º

Todos os recursos previstos neste capítulo formalizaranse por escrito indicando a resolución impugnada.

Artigo 41º

Estarán lexitimados para interpoñer os recursos establecidos nos artigos anteriores as seguintes persoas:

a) Cando se trate dun acto, acordo ou resolución que teña efectos xurídicos individualizados, os titulares dun dereito subxectivo ou dun interese lexitimo, persoal e directo no asunto.

b) Cando se trate dun acto, acordo ou resolución que afecte unha pluralidade indeterminada de persoas, entenderase que calquera colexiado pertencente á organización profesional que o adoptou está lexitimado para recorrer.

En todo caso, estarán lexitimados para interpoñer recurso contra os actos, acordos ou resoluciones do Consello de Colexios de Médicos calquera dos colexiados provinciais de médicos existentes en Galicia.

Artigo 42º

1. Transcorridos 3 meses desde a interposición do recurso que debe resolver o Consello sen que se lle notificalo ao interesado a súa resolución, entenderase desestimado por silencio negativo e quedará expedita a vía procedente.

2. Os actos e resoluciones do Consello de Colexios de Médicos de Galicia, non susceptibles de recurso de alzada ante o Consello Xeral de Colexios de Médicos, esgotan a vía corporativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, perante os órganos da devandita xurisdición de acordo coa súa lei reguladora.

Artigo 43º

A interposición de calquera dos recursos previstos nos artigos anteriores non suspenderá a execución do acto ou acordo impugnado, agás no caso de que o órgano que teña que resolvelo, de oficio ou por instancia de parte, atendendo á natureza do recurso considere que a súa execución pode causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Artigo 44º

Antes de ditar a resolución que proceda poderá darse traslado do recurso e dos seus antecedentes ao órgano asesor que a permanente estableza para que emita informe, cuxas conclusións non serán vinculantes.

TÍTULO VII
Réxime disciplinario**Capítulo I**
Disposiciones xerais**Artigo 45º**

1. Os colexiados estarán suxeitos ao réxime disciplinario establecido nos respectivos estatutos de cada un dos colexiados profesionais de médicos existentes en Galicia, ao establecido polos estatutos do

Consello Xeral, ou se é o caso, ás normas deontológicas comúns á profesión, recollidas no código deontológico e ético-social que elabore este Consello, e únicamente poderase deducir a súa responsabilidade nesta materia nos supostos e circunstancias que se establecen especificamente neles.

2. A responsabilidade disciplinaria será exercida con independencia e sen prexuízo da que, noutra orde, poida derivar da lexislación vixente.

Artigo 46º

A permanente do Consello será o órgano competente para resolver os recursos que en materia disciplinaria se interpoñan contra resolucións das xuntas directivas dos colexios provinciais.

Artigo 47º

1. O Consello de Colexios de Médicos de Galicia será o órgano competente para resolver, en primeira instancia, os expedientes disciplinarios respecto aos membros dos órganos de goberno dos colexios que o integren e os do propio Consello.

2. Nos casos restantes a potestade sancionadora dos seus colexiados corresponderá á Xunta Directiva dos respectivos colexios provinciais.

Artigo 48º

Contra a resolución ditada polo Consello de Colexios de Médicos de Galicia nos procedementos aos que se refire o punto un do artigo anterior, pode-rase interpoñer o recurso de alzada ante o Consello Xeral de Colexios Médicos. Contra a resolución dita-dá polas xuntas directivas dos respectivos colexios provinciais, nos procedementos aos que se refire o punto dous do artigo anterior, só se poderá interpoñer recurso de alzada ante o Consello de Colexios de Médicos de Galicia.

TÍTULO VIII

Das relacóns coas administracóns públicas

Artigo 49º

1. O Consello de Colexios de Médicos de Galicia, relacionarase coa Xunta de Galicia en todo o que fai referencia aos aspectos institucionais e corporativos que prevé a Lei de colexios profesionais, normativa que a desenvolva ou substitúa, e estes estatutos, podendo asinar convenios ou acordos, ou asumir os xa asinados polos catro colexios provinciais conxuntamente antes da entrada en vigor destes estatutos.

2. Así mesmo, o Consello de Colexios de Médicos, en todo o que respecta ao contido da profesión, relacionarase coa Xunta de Galicia, a consellería ou consellerías con competencias na materia, e coa Administración do Estado a través dos ministerios e departamentos que correspondan ou organismos en que deleguen.

Artigo 50º

1. O Consello de Colexios de Médicos de Galicia terá no Consello Xeral de Colexios de Médicos de España a intervención que os estatutos deste último lle confiran e a lexislación xeral do Estado lle asigne.

2. A coordinación entre o Consello de Colexios de Médicos de Galicia e o Consello Xeral de Colexios de Médicos de España establecerase por medio dos acordos e convenios que ambas as partes subscriban.

3. Igualmente a través do correspondente acordo fixarase a contribución que, se é o caso, corresponda ao Consello de Colexios de Médicos de Galicia, no mantemento do Consello Xeral de Colexios de Médicos de España ou viceversa.

Artículo 51º

O Consello de Colexios de Médicos de Galicia procurará dentro dos fins e funcións que conteñen estes estatutos e das limitacións da lexislación vixente en cada momento, establecer nexos de relación con organizacións de natureza ou funcións seme-llantes de calquera ámbito territorial.

TÍTULO IX

Das modificacións estatutarias

Artigo 52º

1. Os estatutos que regulan o Consello de Colexios de Médicos de Galicia poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral co mesmo quórum de votación previsto nestes estatutos.

2. Para proceder á adopción deste acordo, precisarase a convocatoria dunha sesión extraordinaria do Plenario, que incluirá como único punto da orde do día a modificación que se pretenda levar a cabo.

3. Unha vez aprobadas as modificacións dos estatutos do Consello de Colexios deberá presentarse e tramitarse de conformidade co que dispón a lexis-lación na materia.

TÍTULO X

Certificados médicos oficiais

Artigo 53º

1. Os médicos que exerzan a súa profesión en Galicia só deberán certificar nos impresos oficiais editados polo Consello Xeral e distribuídos polos colexios provinciais. O Consello velará polo cum-primento estrito da súa aplicación e tamén para que sexan exixidos os certificados co modelo oficial en todos os centros, establecementos e corporacións onde deban ter efecto.

2. A expedición dos certificados é gratuita por parte dos médicos, pero estes percibirán, cando pro-ceda, os honorarios que libremente sexan fixados.

3. O Consello velará polo axeitado uso dos cer-tificados médicos oficiais e para tales efectos poderá acadar acordos coas administracóns sanitarias para promover o seu uso xeneralizado coas máximas garantías de autenticidade y veracidad.

Disposiciones adicionais

Primeira

O Consello de Colexios de Médicos de Galicia encargase da sección administrativa da Agrupación de Colexios de Médicos de Galicia e continuará a súa actuación na forma procedente.

Segunda

1. É requisito indispensable para o exercicio da profesión atoparse incorporado ao colexio correspon-

dente, pero bastará coa incorporación a un só dos colexios existentes no Estado español, que será o do domicilio profesional único e principal, para exercer no territorio da comunidade.

2. Para os efectos de cumplir coas obrigas legais en materia de colexiación obligatoria e supresión das habilitacións, o colexiado que pertencendo a calquera dos colexios oficiais de médicos existentes no Estado español, queira exercer a súa profesión nunha provincia desta comunidade, na que non está colexiado, deberá comunicarlo ao colexio oficial de médicos da provincia en que pretenda exercer tamén a súa actividade profesional, indicando cal é a actividade principal e o domicilio en que a exerce e especificando a actuación que vai desenvolver no ámbito territorial do colexio distinto ao de orixe, así como a duración prevista. Para estes efectos considerarase como actividade principal o exercicio da medicina pública sobre a privada.

3. Non se considerará que se produce cambio de actividade principal a outra provincia, cando o motivo do traspaso non supoña unha vinculación profesional superior a tres meses. De superarse ese tempo, deberá procederse á colexiación no colexio do ámbito territorial correspondente ao novo destino.

Disposicións transitorias

Primeira.-Ata a aprobación destes estatutos as decisións que de maneira conxunta tomen os colexios provinciais de médicos de Galicia ateranse ás disposicións que regulan o funcionamento da agrupación de colexios de médicos de Galicia.

Segunda.-Unha vez que entren en vigor estos estatutos procederase a constituír os pertinentes órganos de goberno, tomado como criterio para fixar o nome do presidente e secretario os que nese momento teñan tal condición na agrupación citada, tendo en conta para os efectos de renovación de tales cargos o tempo continuado que os levasen exercendo.

Terceira.-Serán plenamente válidos os acordos que ata a aprobación destes estatutos tome a agrupación de colexios de médicos de Galicia, e a súa execución, agás manifesta contradicción con aqueles, corresponderá con posterioridade a esa data ao órgano de goberno do Consello Galego de Colexios de Médicos facultado para iso.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS:

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Corrección de errores.-Decreto 110/2005, do 12 de maio, polo que se dispón que cese Beatriz Mato Otero como delegada territorial da Coruña.

Advertido erro no devandito decreto publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 92, do día 13 de maio de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 8.107, onde di:

«DISPOÑO:

Que cese Beatriz Mato Otero como delegada territorial da Coruña, agradecéndolle os servizos prestados.»; debe dicir:

«DISPOÑO:

Que cese, por petición propia, Beatriz Mato Otero como delegada territorial da Coruña, por petición propia, agradecéndolle os servizos prestados.».

III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA

E FACENDA

Decreto 121/2005, do 28 de abril, polo que se acepta a cesión gratuita da concesión administrativa C-0048, con destino á instalación dun centro de tecnificación de vela, no porto de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

O Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, en sesión celebrada o día 23 de decembro de 1999, outorgou á *Federación Galega de Vela* a concesión administrativa C-0048, para a instalación dun centro de tecnificación de vela, entre o depósito elevado de auga e a Rampla de Cavadelo, ocupando unha parcela de 2.500 m².

A *Federación Galega de Vela*, en sesión celebrada en asemblea extraordinaria e urgente, o día 18 de marzo de 2005, acordou a cesión gratuita da concesión, de titularidade da federación desde o día 23 de decembro de 1999, no Porto de Vilagarcía de Arousa, a favor da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de que esta proceda á construcción dun centro de tecnificación de vela na referida localidade.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio traxitou o correspondente expediente de aceptación da mencionada cesión gratuita, de conformidade co disposto nos artigos 17 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 34 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Na súa virtude, por iniciativa da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, feita nos termos interesados pola cedente, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acéptase a cesión, a título gratuito, feita pola *Federación Galega de Vela*, a favor da Comunidade Autó-